

## **COMO PAGAR AS TAXAS DO TÍTULO**

\_Entrar na Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia ([ovt.atriga.gal](http://ovt.atriga.gal)) e premer en **CIDADÁNS**.

\_No recadro **PAGO DE TAXAS E PREZOS**, premer en **INICIAR TAXA** (no cadeado aberto).

\_Premer no cadro azul **INICIAR TAXA** e completar estes 3 pasos:

### **1.DATOS DA TAXA:**

Seleccione os seguintes códigos:

Consellería: **07** – Educación, Ciencia, Univerdidades e Formación Profesional

Delegación: **13** – Servizos Centrais

Servizo: **03** – Ensino Medio

Taxa: **302003** – Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados.

Obxecto de pago (Elixir segundo corresponda): **Título de Bacharelato** ou **Título de Técnico Superior**

Datos de pago (Elixir segundo corresponda):

**54,00 €** :No caso da Tarifa normal

**27,03 €** :No caso de Familia Numerosa de Categoría Xeral

As Familias Numerosas de Categoría Especial están exentas do pago da taxa

É moi importante que **o pago dun título nunca se realice** antes da data de fin de estudo, é decir, **non se pode pagar con anterioridade á data da acta de avaliación final**.

### **2.DATOS IDENTIFICATIVOS:**

OLLO: Aquí deberán figurar os datos do alumno

### 3.MODO DE PAGO:

Aquí pódese optar entre estas 2 opcións:	<b>Pago telemático con tarxeta (Ver Opción 1)</b>
	<b>Pago presencial nun banco (Ver Opción 2)</b>

#### **OPCIÓN 1: Pago telemático con tarxeta**

\_Para isto, premer no cadro azul **PAGO TELEMÁTICO**.

\_IMPORTANTE! Logo de pagar hai que premer no cadro azul **XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO** e descargalo.

\_Por último, hai que enviar o dito XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO (*non o Recibo*) ao correo electrónico do centro (ou presentalo na Secretaría) para que lle xestionemos a expedición do título. Se se fixo o pago reducido por ser Familia Numerosa de Categoría Xeral, hai que achegar tamén a debida xustificación.

#### **OPCIÓN 2: Pago presencial nun banco**

\_Para isto, premer no cadro azul **DESCARGAR MODELO PRESENCIAL**.

(Tamén poden usar os impresos de pago de taxas que se entregan co boletín de notas)

\_Logo de ir ao banco e pagar, hai que enviar os 2 exemplares (o *Exemplar para a administración* e o *Exemplar para o interesado*) ao correo electrónico do centro (ou presentalos na Secretaría) para que lle xestionemos a expedición do título. Se se fixo o pago reducido por ser Familia Numerosa de Categoría Xeral, hai que achegar tamén a debida xustificación.